

CONVENIO DE CESIÓN DE PARCELA PRIVADA AO CONCELLO DA ESTRADA PARA ZONA DE OCIO PÚBLICO.

En A Estrada, a 17 de setembro de 2020

COMPARECEN

Dunha parte D. José Carlos López Campos, provisto de D.N.I. 52.472.456-A, actuando en calidade de Alcalde-Presidente do Concello da Estrada (Pontevedra).

Doutra parte Manuel Sanmartín Rivadulla con DNI n.º 52.471.175-X, actuando en calidade de Presidente da Sociedade Deportiva Río Ulla.

EXPOÑEN

I

Que a Sociedade Deportiva Río Ulla é propietaria en pleno dominio da finca rexistral de A Estrada seguinte:

Finca rexistral número 52583. IDUFIR: 36004000203794.

“RÚSTICA: MONTE: Finca número DOSCIENTOS CUARENTA Y TRES del plano General de Concentración Parcelaria de Lagartones, A Estrada, al sitio de Porte Pousada. Con una superficie del terreno de dos hectáreas sesenta y ocho áreas veinte centiáreas. Linderos: norte, camino; sur, 242 de Masa Común; este, 245 de Jesusa Arjones Paramá y otros; oeste, 242 de Masa Común y ribera el río Liñares.”

II

Que a parcela conta cunha superficie total de dúas hectáreas sesenta e oito áreas vinte centiáreas, segundo nota simple do Rexistro da Propiedade da Estrada que se xunta.

III

Que é finalidade deste Convenio poñer a disposición do Excmo. Concello da Estrada a indicada parcela, aos efectos de que poida ser destinada ao interés xeral, como zona de ocio e esparcemento (praia fluvial, zona de xogos, lecer, actividades culturais, etc.).

PACTAN

Primeira.- A Sociedade Deportiva Río Ulla, como acto de mera administración, cede ao Concello da Estrada o uso da parcela da súa propiedade descrita na nota simple que se xunta, permitindo a realización na mesma das actividades de interés público que o Concello considere.

Segunda.- Tal cesión de uso non supón a transmisión da titularidade da parcela, nin de ningún outro dereito real nin persoal sobre o terreo cedido. O Concello da Estrada poderá realizar as obras que considere necesarias para mellora e posta en servizo das instalacións ubicadas na parcela obxecto de este convenio, así como poderá explotar, de maneira directa ou indirecta, as instalacións e/ou servizos da maneira que se considere axeitada para o seu correcto funcionamento. Neste suposto os socios da Sociedade Deportiva Río Ulla, e segundo os seus Estatutos, terán dereito a facer uso gratuitamente das instalacións.

Terceira.- A cesión terá unha duración de vinte anos, sendo a mesma prorrogable por acordo de ambas partes. O Concello da Estrada, en contraprestación a tal cesión de uso, aboará na conta bancaria n.º 2080 5422 49 3040101061 á Sociedade Deportiva Río Ulla a cantidade de:

ANO	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029
CANTIDADE	25.000	20.000	20.000	14.000	2023 + IPC	2024 + IPC	2025 + IPC	2026 + IPC	2027 + IPC	2028 + IPC
ANO	2030	2031	2032	2033	2034	2035	2036	2037	2038	2039
CANTIDADE	2029 + IPC	2030 + IPC	2031 + IPC	2032 + IPC	2033 + IPC	2034 + IPC	2035 + IPC	2036 + IPC	2037 + IPC	2038 + IPC

O primeiro ano dende a firma do convenio a cantidade de 25.000 Euros anuais

O segundo e o terceiro ano dende a firma do convenio a cantidade de 20.000 euros anuais

Os dezasete anos seguintes a cantidade de 14.000 Euros anuais coa correspondente actualización ao IPC.

Cuarta.- O Concello da Estrada comprométese, durante a duración total deste Convenio, a realizar todas as obras que fosen necesarias para a correcta conservación do terreo.

En proba de conformidade, asinan o presente Convenio por duplicado e a un solo efecto, no lugar e data arriba indicados.



Sociedade Deportiva Río Ulla
Manuel Sanmartín Rivadulla



Concello da Estrada
José C. López Campos